

Vigo, a 31 de Maio de 2021

DIRIXIDO A:

CONSELLO ESCOLAR do CEIP ESCULTOR ACUÑA

PROCEDENTE DE:

Comisión de Patios do CEIP ESCULTOR ACUÑA

Con data 5 de maio de 2021 constituíuse a Comisión de patios do CEIP Escultor Acuña, na que están representados o alumnado, as familias e o profesorado do centro: a composición do mesmo figura ao final deste escrito. Nesa Comisión analizamos detidamente durante tres semanas as propostas elaboradas polo alumnado de todos os niveis do colexio, materializadas en vídeos, maquetas e planos e que teñen por obxecto aportar ideas para a modificación e mellora dos patios da escola. Ditos proxectos proveñen da proposta de Proxecto Documental Integrado feita dende a Comisión de BiblioTac da escola "O patio que soñamos", que se desenvolveu durante o presente curso escolar nas diferentes aulas.

Traballamos en dous equipos nos que estiveron representados todos os sectores da Comunidade Educativa. Cada equipo analizou as aportacións feitas para cada patio, o de pequenos e o de maiores. Todas as ideas aportadas polo alumnado valoráronse conforme a criterios de INCLUSIVIDADE, SOSTIBILIDADE, SEGURIDADE E ECONOMÍA. Participaron na valoración todos os integrantes de cada equipo e segundo o noso criterio conxunto estas son as CONCLUSIÓNS que queremos comunicar a toda a Comunidade:

- O alumnado solicita facer melloras en ambos patios.
- As ideas aportadas son relevantes, atractivas, consensuadas e necesarias.
- Algunhas ideas foron descartadas por non acadar moita puntuación segundo os criterios establecidos, pero todas elas foron valoradas e moitas, con certas modificacións, poderían ser posibles noutras circunstancias.
- Despois de valorar cada idea ordenamos as aportacións empatadas polo criterio de frecuencia, é dicir, poñendo primeiro as ideas que foron aportadas por máis clases
- Valoramos tamén que as ideas respondesen a diferentes facetas de lecer: movemento, creatividade, interacción coa natureza,...
- Moitas das aportacións non precisan apenas medios materiais, só vontade e un pequeno cambio na mentalidade da Comunidade escolar acerca do que significa o tempo de lecer.
- Bastantes ideas precisan de poucos fondos económicos, polo que sería viable poñelas en práctica nun curto prazo de tempo.
- Engadimos ao final un anexo de conclusións máis amplo, xa que aínda que as ideas non acadasen a puntuación que permita propoñelas como prioritarias, si que nos parece importante que todas queden rexistradas por se máis adiante cómpre poder acudir a este traballo para acometer futuras reformas.

AS IDEAS APORTADAS QUE DEBERÍAN SER ACOMETIDAS SEGÚN O CRITERIO DA COMISIÓN DE PATIOS SON:

Patio de pequenos:

1. Xogos pintados no chan
2. Areneiro
3. Circuito troncos ou rodas
4. Disfraces e escenario
5. Rocódromo
6. Bibliopatio
7. Mesa de xogos
8. Toallas para sentar
9. Xices, encerados e mesas de pintar
10. Xogos de saltar

Patio de maiores:

1. Xogos de mesa
2. Xogos pintados no chan e murais
3. Bancos de descanso
4. Espazo para debuxar: encerado e cabaletes
5. Bibliopatio
6. Horto e xardín vertical
7. Labirinto
8. Caseta de materiais (carro de materiais que sae na hora do patio)
9. Xincana
10. Obradoiro de avións de papel

Tras todo isto SOLICITAMOS QUE:

O CONSELLO ESCOLAR do CEIP Escultor Acuña establece accións que permitan materializar os cambios que o alumnado propón, colaborando co resto dos membros da Comunidade Educativa. Esperamos unha resposta que nos explique como e en que prazos pode actuar na mellora dos patios. Os membros da Comisión de Patios quedamos a disposición para axudar con noso criterio e facer as xestións que estean na nosa man.



Moitas grazas pola atención recibida. Atentamente:

COMISIÓN DE PATIOS CEIP ESCULTOR ACUÑA









CURSO 2020/2021

ASINAN POLA COMISIÓN:

Equipo Patio pequenos:

- Alumnado:
 - Sara Laxe (6º EI)  Ricardo Fernández (2º EP) 
 - Colaboración especial de Antón e Irene Seara (1º EP)  
- Familias
 - Anxela Carballo  Esteban Araújo 
- Profesorado
 - Mónica Otero  Montse Pérez 

Equipo Patio maiores:

- Alumnado:
 - Maya Martínez (4º EP)  Breixo Lores (4º EP) 
 - Gabriela da Silva (5º EP)  Adrián Taboada (5º EP) 
 - Colaboración especial de Roque Pombal (5º EP) 
- Familias
 - María López 
- Profesorado
 - María Jario  Tino Gil 



Anexo

Debido á gran cantidade de ideas e a implicación que tódolos nenos e tódalas nenas tiveron, queremos engadir un anexo con algunhas das ideas que non estaban citadas arriba por unha cuestión numérica. Estas propostas deben ser igualmente tidas en conta en futuras melloras ou como complemento a todas accións prioritarias que suxerimos. Clasificadas por patios e ordenadas por cualificación serían:

Patio de pequenos

1. Cova na herba
2. Túneles
3. Hamacas
4. Circuito de coches
5. Cordas e peonzas
6. Bambán de rodas
7. Cocinita
8. Coche e autobús estático

Patio de maiores

1. Circuito con rodas e troncos
2. Hamacas
3. Xogos tradicionais
4. Tarima de baile
5. Fontes
6. Cine
7. Rocódromo horizontal
8. Bambán
9. Cabana
10. Mesas de tenis de mesa